

Guía de estilo da APA

Inma Doval Porto e Chus García García
Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da UDC

Cando elaboramos un traballo académico ou científico é preciso facer un estudo pormenorizado de diferentes fontes bibliográficas, e deberemos deixar constancia da súa consulta no mesmo. É importante recoñecer o traballo previo realizado por outras/os profesionais, facilitando ademais a súa localización. De non ser así caeríamos no que se denomina “plaxio”. As formas utilizadas para recoñecer estes traballos previos son o que chamamos “cita”, “bibliografía”, “referencias bibliográficas” ou “notas”. Citar e referenciar correctamente permitirá:

1. Evitar o plaxio
2. Recoñecer o traballo e as ideas anteriores
3. Dar opción de seguir os pasos dunha investigación dende os seus inicios.
4. Identificar a publicación da que tomamos a idea ou da que estamos a falar, facilitando a súa localización.

Unha **cita** é unha forma de referencia breve que vai xusto ao lado do texto co que se relaciona, ben entre parénteses (autor/a e data) ou ben cun número, e que levará a referencia en detalle ao final do manuscrito, ben en forma de referencia bibliográfica, ou cunha nota.

Nun sentido amplo podemos definir **Bibliografía** como unha unha listaxe de documentos ordenados alfabeticamente sobre un tema ou materia, inclúe todas as referencias que serven para traballar sobre un tema. Normalmente acompaña a un traballo e vai ao final do mesmo. Cando nos referimos unicamente aos documentos citados ao longo do traballo estaremos ante unha relación de “referencias bibliográficas”. Entendemos por **referencia bibliográfica**, a relación de todas as fontes de información (documentos) mencionados nun traballo académico ou científico detalladas. As fontes referenciadas poden ser moi variadas: libros, artigos de revistas, leis, traballos de investigación, páxinas webs, vídeos, entrevistas, partituras musicais...

aparecen ao final do manuscrito ordenadas alfabeticamente. A norma UNE-ISO 690 a define como “datos que describen un recurso, ou unha parte dun recurso, suficientemente precisos e pormenorizados para identificalo e permitir a súa identificación”.

A **nota** é un texto que complementa ou aclara información sobre algún concepto que aparece no manuscrito. Vai cun número ao lado do concepto e leva a aclaración ben ao pé de páxina ou ben ao final do texto.

Non existe unha norma común á hora de citar e referenciar documentos, hai múltiples opcións ou estilos de citas. Elixiremos un ou outro dependendo do ámbito do noso traballo ou ben da revista no que o desexemos publicar. Existe unha norma internacional, desenvolvida pola *International Organization for Standardization (ISO)*, a Norma ISO 690:2010 *Information and documentation - Guidelines for bibliographic references and citations to information resources* traducida ao español como **UNE-ISO 690 Información y documentación. Directrices para la redacción de referencias bibliográficas y de citas de recursos de información**. (Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR), 2013). Esta norma pode utilizarse para calquera disciplina. E ademais outras normas específicas para as distintas materias. Incluso algunhas revistas utilizan o seu propio estilo bibliográfico. Os máis utilizados son: **Estilo APA**, **Estilo Vancouver** ou **URM** (*Uniform Requirements for Manuscripts Submitted to Biomedical Journals*), **Estilo MLA**, **Estilo Harvard**, **Estilo Chicago**, **Estilo ACS**, **Estilo CSE** e o **Estilo IEE**. Existen ademais **estilos propios** que crean algunhas publicacións periódicas, ou universidades para os seus proxectos científicos (teses, TFG, TFM...).

Todos os estilos precisan para a súa elaboración dunha serie de datos básicos do documento que se quere referenciar ou citar: Para poder identificar as fontes que utiliza no seu traballo debe incluír os seguintes datos: autor/a, título, datos de publicación (lugar, editora e data), e outros específicos (volume, número, URL, data consulta recurso web...). Trátase de datos claves para a identificación e localización dos documentos e todos os estilos os incluírán na elaboración da referencia. Pero haberá diferencias entre eles polo que se refire á forma de escribir os nomes de autoras e

autores (maiúsculas/minúsculas, inicial ou nome completo), o formato da fonte (cursiva/comiñas...), o lugar no que vai a data, se utiliza formato autor-data ou nota + bibliografía. Tamén varían en aspectos relativos ao formato xeral do traballo (marxes, tipo de letra, sangrías...).

É moi práctica a páxina da Monash University de Melbourne (guides.lib.monash.edu/citing-referencing), na que podemos elixir o estilo de cita e ver como se citaríase calquera tipo de documento. Está en inglés.

Serán moi útiles os programas de xestión bibliográfica que veremos máis adiante: Refworks, Endnote, Mendeley... e tamén hai ferramentas en editores de texto como Word que incorporan a opción de introducir os datos e crear as citas e referencias dun xeito automático, segundo o estilo que desexemos. Ambas opcións deben complementarse cun coñecemento exhaustivo da norma ou ben co seguimento do manual ou guía xa que nos documentos menos habituais poden introducir erros.

ESTILO APA

Creado pola American Association of Psychology (APA) (www.apa.org) con especificacións para referenciar e citar documentos en traballos científicos e académicos. É o estilo que máis se utiliza no ámbito das Ciencias sociais (educación, socioloxía, psicoloxía, economía...)

A 6ª edición é que se utiliza actualmente, publicada en español como *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association* (3ª ed. trad. da 6ª en inglés) (2010), e é na que nos baseamos para a realización desta guía. Nela se tratan os seguintes aspectos:

- Aspectos éticos e legais na presentación de obras científicas
- Estrutura, estilo e redacción
- Táboas e figuras
- Normas para citar e referenciar.
- O proceso de publicación

Centrarémonos nas cuestións que se refiren á normativa para citas e referencias bibliográficas.

Algunhas cuestións non son tratadas no manual, e non están recollidas todas as casuísticas. Ao ser unha norma norteamericana, aspectos como a lexislación poden variar moito con respecto á nosa. Por iso é recomendable, no caso de dúbidas consultar outras webs e aplicar sempre a lóxica. É moi útil o blog da APA (<http://blog.apastyle.org>) e a eb xa mencionada da Monash University de Melbourne (guides.lib.monash.edu/citing-referencing).

1. Formato do traballo

Papel: 21.59x27.94 cm

Tipo de letra: Times New Roman 12 p.

Espazado: No manual da APA (2010) non especifica o espazado, mais no blog da asociación si dá unhas recomendacións: 2.0 en todo o texto, agás nas notas (simple), no corpo das táboas e nas figuras (1,5) (Chelsea, 2018).

Marxes: 2,54 cm

Sangría: cinco espazos na primeira liña de cada parágrafo.



Todas as citas mencionadas no manuscrito deben aparecer na listaxe de referencias, asemade todas as referencias deben estar citadas no corpo do texto.

2. Táboas e figuras

Pódense utilizar os formatos dispoñibles nos procesadores de texto. No caso de utilizar unha táboa doutro texto debe ser revisada por se ten erros e especificada a fonte na nota da táboa.

As táboas e figuras deben ir enumeradas en números arábigos, seguindo a orde de aparición no texto, e deben levar un título claro.

Deben levar unha nota para especificar datos, abreviaturas ou símbolos (xerais, específicas ou de probabilidade). No caso de ser adaptada doutra táboa tamén irán en nota os datos, así como os relacionados con dereitos de autoría.



Asegúrate de ter os permisos de reprodución da táboa, ben utilizando táboas de
textos con licencia *Creative Commons* (CC) ou ben contactando co autor/a da mesma.

Táboa 1

Principais estilos de citación

Estilo	Aplicación
norma ISO 690:2010	Calquera disciplina
estilo APA	Psicoloxía, educación e ciencias sociais
estilo MLA	CC sociais, humanidades, lingua e literatura
estilo Vancouver	biomedicina
estilo Chicago	humanidades e CC sociais
estilo Harvard	CC naturais e CC sociais
estilo CSE	Bioloxía e ciencias da natureza

Nota: Utilizamos negrita para destacar os estilos recomendados en Ciencias sociais. Adaptado de “Tendencias de la descripción bibliográfica en revistas españolas de acceso abierto”, por R. López Carreño e F. J. Martínez Méndez, 2015, *Investigación bibliotecológica*, 29 (65), p. 28. CC BY NC ND 4.0 (Universidad Nacional Autónoma de México)

3. Citas no texto

No estilo da APA utilízase a opción de autor-data dentro do texto, entre parénteses, non a opción de nota. A cita pode ser textual ou parafraseada, para o que teremos en conta o número de palabras citadas. Debemos poñer o apelido de autor/a, ano e páxina da que se extrae, e no caso de material de internet sen paxinar parágrafo (par.). A sucesión de citas debe ir ordenada alfabeticamente.

Cita textual. Cando extraemos un fragmento ou unha idea textual do documento. Utilizaremos os puntos suspensivos para substituír as palabras ou

frases que omitamos (...). Se dentro da cita textual se inclúe outra cita, deixarémola como está, pero non irá en referencias, a non ser que nós tamén a citemos ao longo do noso traballo.

- a. **Texto menor de 40 palabras.** Cando alude ao autor/a engadiremos só o ano entre paréntese, e despois da cita textual a páxina entre paréntese. Cando omite o autor/s irá (Apellido/Apelidos, ano, p. X), despois da “cita textual” que irá entre comiñas e sen cursiva.
- b. **Texto maior de 40 palabras.** Irá nun bloque independente, sangría á esquerda (aprox. 2.54), co mesmo tamaño de fonte que o texto., sen comiñas e sen cursiva. A cita como a anterior. Nalgunhas adaptacións da norma APA diminúese a fonte da cita (adoita facerse en filoloxía).

Cita non textual (paráfrase). Nunca leva comiñas nin cursiva. Se alude a autor/es só data entre parénteses e se omite (Apellido/Apelidos, ano). Se parafraseamos un fragmento aconséllase engadir páxina ou parágrafo (Apellido, ano, pp X). Se non está paxinado utilizamos número de parágrafo (par. X)

Dende perspectivas como a socioeducativa (Dubois,1987) ...

Cando falamos de lectura autores como Carlino (2008), Lerner (2001) ou Petit (2009) opinan que ...

Rosalía de Castro (1956) no seu Conto Galego:

Un dia de inverno ó caer da tarde, dous amigos que eran amigos desde a escola, e que contaban de anos o maldito número de *tres veces dez*, camiñaban a bon paso un sobre unha mula branca, gorda e de redondas ancas, y-outro encima dos seus pés, que non parecían asañarse das pasadas lixeiras que lle facía dar seu dono.

O da pé corría tanto com o de acabalo que vendo o sudor que lle corría ó seu compañeiro po-la frente y-as puntas dos cabelos díxolle:

—¿E tí, Lourenzo, por qué non mercas un come-toxos que te leve e te traya por estes camiños de Dios? que esto de andar leguas a pé por montes e areales é bó pro'os câs.

—¡Come-toxos! Anda e que os monten aqueles pra quen se fixeron que n'é Lourenzo. *Cabalo grande, ande ou non ande*, e xa que grande n'o pode ter, sin él me quedo e sírvome dos meus pés que nin comen, nin beben, nin lle fan menester arreos. (p. 1).

2. En ambos casos, cando se trata dunha cita que menciona un autor/a citado por outro/a poñerase se alude a autoría: autor/a (ano, citado en Autor que o cita, ano) cita do autor. Se non alude: cita do autor (autor orixinal, ano, citado en autor que o cita, ano). Debe utilizarse con moderación, sempre é preferible ir á fonte directa.

	1ª cita	Seguintes
1 ou 2 autora/es. Sempre citamos os 2. Separámoslos e, e se escribimos en inglés por &	Dubois (1987) / (Dubois, 1987) Kauppinen e Diket (1995) / (Kauppinen e Diket 1995)	Dubois (1987) / (Dubois, 1987) Kauppinen e Diket (1995) / (Kauppinen e Diket 1995)
De 3 a 5 autora/es Apelidos de todas/os a primeira vez, nas seguintes só 1º + et. al.	Zorrilla, Pinto e Escudero, (1998) / (Zorrilla, Pinto e Escudero, 1998)	Zorrilla, et. al. (1998) / (Zorrilla et al., 1998)
Se utilizamos varias citas no mesmo paréntese irán no mesmo orde no q están nas referencias. Con obras do mesmo autor/a ou	Diversos estudos (Derribery e Reed, 2005a, 2005b; Rothbart, 2003a, 2003b)	Diversos estudos (Derribery e Reed, 2005a, 2005b; Rothbart, 2003a, 2003b)

distintos autores coa mesma data poñeremos despois dos anos sufixos <i>a, b, c...</i> Se son distintos traballos os separamos por punto e coma		
+ de 5 autoras/es. Apelido e 1º + et. el.	Carrillo Yáñez, et al. (2016) / (Carrillo Yáñez, et. al., 2016)	Carrillo Yáñez, et al. (2016) / (Carrillo Yáñez, et. al., 2016)
Obras anónimas	Anónimo (1500) / (Anónimo, 1500)	Anónimo (1500) / (Anónimo, 1500)
Obras de autoría non identificada . Os títulos de artigos, capítulos e páxinas de Internet van entre comiñas, os de revistas científicas, libros, folletos ou informes en cursiva.	<i>Educating for the workplace through the arts.</i> (1996) / (<i>Educating for the workplace through the arts.</i> 1996)	<i>Educating for the workplace through the arts.</i> (1996) / (<i>Educating for the workplace through the arts.</i> 1996)
Unha institución primeira cita co nome completo e paréntese siglas, despois xa só siglas (cando é facilmente identificable por elas).	American Psychological Association (APA, 2010) / (American Psychological Association [APA], 2010)	APA (2010) / (APA, 2010)
As Web completas , comunicacións persoais e citas da Biblia ou Corán,	Na páxina web da Universidade da Coruña (www.udc.gal) podemos	Carrillo Yáñez (comunicación persoal, 25 de maio, 2016)

obras antigas importantes gregas ou romanas, van unicamente no texto, non levan referencia bibliográfica.	atopar Carrillo Yáñez (comunicación persoal, 25 de maio, 2016)	
---	--	--



lembra:

- Número de páxina só é obrigatorio na cita textual.
- A partir de 2 autores utiliza conxunción “e” (en inglés &, en español y)
- Se é un sitio web completo non vai nas referencias, só precisas poñer a URL no texto.
- Nunca traduciremos a cita bibliográfica, debe ir no idioma no que foi escrito.
- Se imos utilizar citas textuais moi extensas ou máis de tres figuras ou táboas dun mesmo artigo ou capítulo, debemos asegurarnos que o autor/a o permite (dereitos de autor/a).

Referencias bibliográficas

Sempre se incluírán ao final do manuscrito, ordenadas.. Cada referencia debe estar citada no texto e cada cita no texto debe corresponder cunha referencia.


Os datos que imos precisar para elaboralas son: autor/a, título, datos de publicación (lugar, editora e data), e outros específicos (volume, número, URL...). É importante identificar ben cada un deles e non confundir o autor principal con editores literarios, coordinadores... que deberán levar ao lado a abreviatura correspondente: ed., trad., coord... Outras abreviaturas que poderemos utilizar son: cap. (capítulo), ed. (edición), ed. Rev. (edición revisada), s.d. (sen data), p. (páxina), vol. (volume), núm. (número), Supl. (suplemento).

As normas xerais son:

- Os **autores e autoras** van introducidos polos apelidos seguidos da inicial do nome. Cando nunha obra colectiva o responsable é un editor, coordinador... debemos indicalo entre parénteses coa súa abreviatura (ed.). Podemos incluír ata 7 separados por comas e último por e/y/& (dependendo da lingua que utilizemos), e se son máis de 7 irán puntos suspensivos despois do 6º e acabamos co último. Irán ordenados alfabeticamente:
 - Se o autor/a aparece como **Anónimo**, a entrada comezará con Anónimo como se ese fora o nome completo.
 - Se a autoría a ocupan os **editores literarios** sería o mesmo pero despois do último vai (Ed. ou Eds.). Se os nomes de editores van na referencia de capítulo de libro, despois de En: vai o nome en orde directa, En: A.A. Apellido (Ed.), Título do libro
 - As **institucións** van polo nome directo das mesmas, completo: American Psychological Association, e non APA.
 - Se non hai autoría alfabeticará pola primeira palabra do **título**.
- A **data** vai entre () paréntese despois do autor/es. Se está en prensa xa aceptado poñeremos (en prensa) despois da data, se está en revisión consultar Normas APA para ver casuística.
- O **título** principal de documento vai en cursiva. Os subtítulos despois de dos puntos e comezando con maiúscula. O título non principal (artigo, capítulo de libro... vai sen cursiva e primeira maiúscula)
- No caso de **recursos especiais** (electrónicos, películas...), sempre que sexa importante para efectos de identificación, debemos indicalo entre [] despois do título [Carta do editor], [Resume], [Película], [Podcast], [Folleto], [Apuntes]...
- Para publicacións non periódicas debemos poñer datos de **publicación** despois do punto. Vigo: Xerais. Se a autoría corresponde co editor/a poñeremos a palabra Autor. Vigo: Autor. Se hai varios lugares de publicación, só vai o primeiro.
- Para **documentos electrónicos** debemos engadir datos que fagan referencia á súa localización. Sempre que teña doi irá ao final despois de punto e non engadiremos outra url, Se non o ten poñeremos, dependendo do idioma: Recuperado de / Aavailable http:\\ 8sen punto ao final). Nunca poñemos data de consulta. Se ten doi

vai simplemente ao final, despois dun punto. Non hai que poñer a base de datos na que está, agás teses e libros electrónicos.

- Ordenaranse **alfabeticamente**, e as obras dun mesmo autor/a por orde cronolóxica.



Publicacións periódicas:

Apellidos, A. Apellidos, B. (data). Título artigo. *Título publicación periódica, volume* (número), pp. xx-xx. doi: xx.xxxxxxx

Impreso	Bobick, B., & DiCindio, C. (2012). Advocacy for art education: Beyond tee-shirts and bumper stickers. <i>Art Education</i> , 65(2), 20-23.
Electrónico con doi	Bakar, Z. b. A., Yun, L. M., Keow, N. S., & Li, T. H. (2014). Goal-setting learning principles: A lesson from practitioner. <i>Journal of Education and Learning</i> , 8(1), 41-50. doi:DOI 10.11591/edulearn.v8i1.204
Electrónico sen doi	Patón, R. N., Basadre, R. F., & Núñez, I. H. (2015). ICT in physical education from the perspective of students in elementary school. <i>Sportis</i> , 1(2), 141-155. Recuperado de https://doaj.org
En prensa	Briscoe, R. (en prensa). Egocentric spatial representation in action and perception. <i>Philosophy and Phenomenological Research</i> . Recuperado de http://cogprints.org/5780/1/ECSRAP.F07.pdf

Artigo de periódico en papel	Mexuto, X. (3 de agosto de 2017). A Gúrtel galega continúa a pairar sobre Feijóo. <i>Sermos Galiza</i> , p. 10.
Artigo de periódico en liña	Ferri, P. (2017). La ciudad no era como creíamos: Detalles salvajes de la vieja Tenochtitlán. <i>El País</i> . Recuperado de https://elpais.com/internacional/2017/08/08/la_serpiente_emplumada/1502209681_173912.html

Libros e capítulos de libros

Libro completo

Apellidos, A. A. (Eds. /Comp./Coord./Trad.)/ Autor institucional. (Año). *Título en cursiva*. Lugar: Editorial

Se é electrónico levará ao final doi ou, de non telo, Recuperado de <http://>

Capítulo dun libro

Apellidos, A. A. (Año). Título do capítulo en letra vertical. En A. Apellido, B. Apellido e C. Apellido (Eds. /Comp./Coord./Trad.), *Título do libro* (pp. xxx-xxx). Lugar: Editorial

Título do capítulo ou entrada en vertical. (Año). En A. Apellido (Eds.) (Comp.) (Coord.) (Trad.), *Título do libro* (pp. xxx-xxx). Lugar: Editorial

Libro completo, informes técnicos, versión impresa	Blanco, C. (2004). <i>Vermella con lobos</i> . Vigo: Xerais
---	---

Libro completo, versión en liña	Bongar, B. M. (2007). <i>Psychology of terrorism</i> . Oxford: Oxford University Press. Recuperado de http://search.ebscohost.com/login.aspx?direct=true&db=nlebk&AN=167608&lang=es&site=ehost-live&ebv=EB&ppid=pp_Cover
Versión dixital de libro reeditado	Freud, S. (1953). The method of interpreting dreams: An analysis of a specimen dream. En J. Strachey (Ed. e Trad.), <i>The standard edition of the complete psychological works of Sigmund Freud</i> (Vol. 4, pp. 96-121). Recuperado de https://books.google.com/books (Traballo orixinal publicado en 1900)
Varios volumes	Ramírez, J.A (Dir.), Gómez Cedillo, A. (Coord.) (1996- 1997). <i>Historia del arte</i> (Vols. 1-4). Madrid: Alianza.
Capítulo de libro, entrada de obra de referencia e contribución a congresos publicada s en libro.	Alústiza Quintana, I.L. (2016). Modelo psicodinámico de terapia familiar. En A. Cano Prous (Ed.), <i>Diagnóstico y terapia familiar</i> (pp. 161-173). Madrid: Ilusbooks. Díez Mediavilla, A. E. , Rico, V. B., Escandell, D., e Collado, J. R. (2016). Aprendizajes plurilingües y literarios: Nuevos enfoques didácticos. En A.E. Díez Mediavilla, V. Brotons Rico, D. Escandell Maestre, e J. Rovira Collado (Ed.), <i>El aprendizaje de lenguas y sus literaturas en un contexto de educación plurilingüe: Hacia la integración de contextos culturales y literarios como herramienta de aprendizaje</i> . Alicante: Universitat d'Alacant.
Actas de congresos e	Muelbauer, J. (setembro, 2007). Housing, credit, and consumer expenditure. En S. C. Ludvigson (Presidencia), <i>Housing and consumer behavior</i> . Simposio levado a cabo no congreso do Federal Reserve Bank of

simposio s non publicada s formalme nte	Kansas City, Jackson Hole, WY.
--	--------------------------------

Teses, TFG, TFM

Non adoitan estar publicadas en papel, pero moitas veces se poden recuperar dalgunha base de datos ou nun repositorio institucional.

Se é inédita:

Autor/a/s (Ano). *Título do traballo en cursiva* (tese de doutoramento ou traballo de mestría inédita). Nome da institución, Lugar.

Miranda, J. A. C. (2005) *Orgaos de gestao escolar e reforma educativa : estudo comparativo da participación* (tese de doutoramento). Univesidade de Santiago, Santiago de Compostela.

Se está nalgunha base de datos ou repositorio:

Base de datos comercial:

Autor/a/s (Ano). *Título do traballo en cursiva* (tese de doutoramento ou traballo de mestría). Recuperada de Nome da base de datos (Acceso ou solicitude No.)

Correa Meléndez, Z. M. (2012). *Implantación de la declaración de Bolonia en dos instituciones de educación superior españolas* (Tese de doutoramento). Recuperado de ProQuest Dissertations & Theses Global. (919534650). (Order No. 3493648)

Repositorio:

Autor/a/s (Ano). *Título do traballo en cursiva* (tese de doutoramento ou traballo de
mestría). Recuperada de <http://>

García de Lucas, E. (2014). *Aproximación teórico-crítica al mecanoscrito inédito de
Lois Carré: O patriarca, estudio bio-bibliográfico do grande home* (Traballo de
Fin de mestrado). Recuperada de <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13951>

Material legal: Leis, Reais decretos, Decretos, Normas...

As publicacións periódicas legais e as revistas científicas da APA teñen diferente
localización e formato nas súas referencias. O Manual da APA dá unhas pautas e
ademais nos remite á publicación *The Bluebook: A Uniform System of Citation* (*The
Bluebook: A Uniform System of Citation*, 1996). En calquera caso, tamén nos atopamos con
que, en xeral, a lexislación norteamericana, na que se basea o manual da APA e o
Bluebook, difiren da española.

Como pauta xeral utilizaremos:

Número da Lei, orde, decreto e denominación oficial. *Título da publicación na que
aparece oficialmente*. Lugar de publicación. Día do mes de ano, nº de volume pp.
XX-XX

Decreto 77/2017, do 3 de agosto, polo que se modifica o Decreto 176/2015, do 3 de
decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política
Social. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela. 11 de agosto de 2017,
núm. 153, pp. 38748-38750.

Traballos inéditos ou de publicación informal

Poden ser traballos en proceso que aínda non se presentaron para publicar,
poden estar nunha web persoal ou institucional: apuntes de clase, material docente...

Autor, A.A. (Ano). *Título do manuscrito*. Manuscrito inédito (ou Manuscrito presentado para a súa publicación, Manuscrito en preparación...).

González-López, M. (2014). Guía do estilo APA. Manuscrito inédito.

Sempre que estea dispoñible en formato electrónico nalgunha web (persoal, repositorio, base de datos...) debemos engadir Recuperado de <http://>

Posters, actas ou comunicacións presentados a congresos

Jodel, F., Russell, F, Tepper, K., Todd, P. e Zahora, T. (2009, Setembro). *Joined at the hip: Partnerships between librarians and learning skills advisers*. Poster presentado ao International Congress of Medical Librarianship, Brisbane.

Medios audiovisuais: películas, emisións de audio e TV (incluídos podcast), mapas, fotografías...

Película	Autor/a/s (Produtor/a), e Autor/a/s (Director/a). (Ano de produción). <i>Título da película en cursiva</i> [Película]. País de orixe: Estudio ou produtora. Martínez malo, M. (Produtor), e Piñeiro, Ch. (Director) (1989). Sempre Xonxa [Película]. Galicia: Luciano Piñeiro Producciones Cinematográficas
Video en liña	Universidade da Coruña (12 de xullo de 2016). <i>Vídeo promocional da UDC</i> [Arquivo de vídeo]. Recuperado de https://www.youtube.com/watch?v=ChGSJF__U6g
Episodio de serie TV	Ball, Allan (Director e guionista) (2001). The foot [Episodio de serie de televisión]. En: Home Box Office (Produtora) <i>Six Feet Under</i> . New York: HBO
Podcast	Radio 3 (Produtora). (1 de agosto de 2017). Cuando los elefantes sueñan con la música: Para Jean Moreau [Audio en podcast]. Recuperado

	de http://mvod.lvlt.rtve.es/resources/TE_SCUAND/mp3/5/0/1501596521205.mp3
Grabación musical	Villar, H. e Bourgeois, L. (2002). Teño o meu berciño [Gravado por In Itinere]. En <i>A campá da lúa: cancións para os soños dun fillo</i> [CD-DA]. Madrid: Boa Music.
Fotografía recuperada en liña	Bustamante, J. C. (2014). Pájaro [Fotografía]. Recuperado de https://www.flickr.com/photos/marjessi/16177656379
CDROM	Cohen, D. (2007). Real kife maths : exploring mathematical concepts in practical everyday ways [CD-Rom]. Bedinog: Curriculum Concepts

Conxunto de datos, software, instrumentos de medición...

Inclúe minería de datos, todos aqueles datos en brutos que axudan na elaboración dun traballo, así como linguaxes de programación.

- Non vai en cursiva o nome do software, pero vai o título dun grupo de datos
- Levará entre corchetes a descrición da forma [Arquivo de datos e libro de códigos / Software de ordenador]
- Se ten algunha versión vai entre () despois do título.

Propietario dos dereitos de autoría, A. A. (ano). Título do programa (Número de versión) [Descrición da forma]. Lugar: Nome de produtor/a

Propietario dos dereitos de autoría, A. A. (ano). Título do programa (Número de versión) [Descrición da forma]. Recuperado de <http://>

Pew Hispanic Center. (2004). *Changing channels and crisscrossing cultures: A survey of Latinos on the news media* [Arquivo de datos e libro de códigos]. Recuperado de <http://www.softa-soatif.com/>

Comprehensive Meta-Analysis (Versión) [Software de ordenador] Englewood, Nj: Biostat.

Material da web social:

- As normas xerais coinciden coas que comentamos para material en internet.
- Para todos eles engadiremos entre corchetes [], inmediatamente despois do título, o tipo de elemento (Arquivo de vídeo, Tuit, Actualización de Facebook, Mensaxe dun blog),
- Levarán sempre ao final Recuperado de http//

Autor/a ou Entidade. [Nome de usuario/a se o ten]. (Data). O post íntegro do tuit ou entrada de Facebook ou o título do post do blog [tipo de elemento]. Recuperado de <http://facebook.com>

Tuit	Biblioteca de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña. [biblioeduca] (5 de xullo de 2017). Club de lectura e encontros literarios Nébeda. 2 ECTS. Biblioteca Facultade CC Educación e SNL #nebedaclubelecturaUDC https://nededaclubelectura.wordpress.com [Tuit]. Recuperado de https://twitter.com/biblioeduca
Post dun blog	Espinosa, E. (22 de abril de 2018). Presentacións curiosidade [mensaje dun blog]. Recuperado de https://estibalizespinosa.com/2018/04/22/presentacions-curiosidade/
Publicación en Facebook	Moure Pereiro, Teresa. [teresamourepereiro]. (27 de xuño de 2017). "A idea de absoluta seguranga -risco zero- é uma fantasia". Éloge du risque, Anne Dufourmantelle (não faz sentido o RIP porque está muito viva). [Actualización de Facebook]. Recuperado de https://www.facebook.com/teresa.mourepereiro/
Vídeos de youtube,	Universidade da Coruña (12 de xullo de 2016). <i>Vídeo</i>

vimeo...	<i>promocional da UDC</i> [Arquivo de vídeo]. Recuperado de https://www.youtube.com/watch?v=ChGSJF__U6g
Entrada na Wikipedia, Galipedia...	Rosalía de Castro (n.d.). En Galipedia. Recuperado o 11 de agosto de 2017, de https://gl.wikipedia.org/wiki/Rosal%C3%ADa_de_Castro

Páxinas web:

O manual da APA non especifica como citar páxinas web, polo que para realizar esta guía utilizamos o blog da APA e outras fontes como a guía elaborada pola Monash University (<http://guides.lib.monash.edu/citing-referencing>).

Ten en conta o seguinte:

1. Irá en cursiva o título dun documento independente atopado na web. Non van en cursiva os títulos de páxinas web.
2. Poñer a data de publicación. Cando é unha web que se revisa periodicamente poñeremos a máis actualizada.
3. Poñeremos s.d. (sen data) cando non temos data de publicación.
4. Se non temos autor engadiremos a entidade no seu lugar, e se tampouco temos entidade o título directamente.
5. En mensaxes ou post poñemos a data completa.
6. E se nos faltan moitos datos... Quizais deberemos pensar se a fonte que queremos citar é realmente axeitada para figurar no noso traballo. Lembra que sempre debes ir a fontes contrastadas.

Documento nunha web (independente), tipo un pdf que abrimos dende a web.	Autor/a, A. A. e Autor/a, B. B. (ano de publicación). <i>Título do traballo</i> . Recuperado de URL Doval Porto, I. E García García, C. (2017). <i>Guía de estilo da APA</i> . Recuperado de http://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/Normas%20APAguia%20da%20biblioteca%202017_1.pdf
Páxina web con autoría	Autor/a, A. A. e Autor/a, B. B. (ano de publicación). Título. Recuperado de URL Anderson, L. (2012). Why communication in the nursing profession is important. Recuperado de http://www.nursetogether.com/why-communication-in-the-

	<u>nursing-profession-is-important</u>
Páxina web sen autoría	Nome da entidade. (ano d epublicación) Título. Recuperado de URL Título da páxina ou documento. (ano de publicación). Recuperado de URL Biblioteca da Universidade da Coruña. (s.d.). Xestións en liña. https://www.udc.es/biblioteca/gestion_online/

Na páxina web www.apastyle.org, desenvolta pola APA, hai información sobre as diferentes casuísticas, con preguntas frecuentes, tutoriais e opción de enviar correo con dúbidas.

Referencias bibliográficas

American Psychological Association. (2010). *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association*, (3ª ed. de la 6ª ed. en inglés). Mexico City, Mexico: Manual Moderno.

Chelsea, L. (8 de agosto de 2018). Never Space Out on Line Spacing Again [post dun blog]. Recuperado de <http://blog.apastyle.org/apastyle/2018/08/never-space-out-on-line-spacing-again.html>

The Bluebook: A Uniform System of Citation. (1996). Cambridge (Massachusetts): The Harvard Law Rewiew Association

Algúns exemplos tomados da web <https://guides.lib.monash.edu/citing-referencing/apa>

[Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](#)